

3. Polo seu tratamento como carga asumida no cálculo da cota do País Vasco e Navarra, estas comunidades autónomas quedan excluídas de asignacións nas axudas establecidas neste real decreto.

Disposición adicional única. *Axudas para o ano 2002.*

Para o ano 2002, o financiamento destas axudas efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 2121713E 774.02 dos orzamentos xerais do Estado para ese ano, cun crédito máximo de 12.020.240 euros.

Disposición transitoria primeira. *Prazo de solicitudes para o ano 2002.*

Para o ano 2002, o prazo de presentación de solicitudes rematará ós dous meses da entrada en vigor deste real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Programas de mellora para os anos 2002 e 2003.*

Non obstante o disposto no punto 2 do artigo 5 deste real decreto, será suficiente que as explotacións que integran un programa de mellora alcancen, en relación co volume total de leite do dito programa, o 80 por 100 durante o ano 2002 e o 90 por 100 durante o ano 2003.

Disposición transitoria terceira. *Aplicación retroactiva.*

Este real decreto aplicarase con carácter retroactivo ás solicitudes presentadas a partir do 1 de xaneiro de 2002.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1563/1998, do 17 de xullo, de medidas para a mellora integral das explotacións de produción e en relación cos compradores de leite, e o Real decreto 1443/2000, do 28 de xullo, polo que establecen as axudas ó financiamento de programas de mellora da calidade do leite producido nas explotacións da Comunidade Autónoma de Canarias.

Disposición derradeira primeira. *Condicionamento do pagamento.*

As resolucións de concesión das axudas farán constar expresamente que o pagamento estará condicionado a que se producise unha decisión positiva da Comisión Europea sobre a presente norma, de acordo co establecido no artigo 88.3 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

Disposición derradeira segunda. *Título habilitante.*

Este real decreto dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que lle reserva ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira terceira. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para adoptar, no ámbito das súas competencias, as medidas necesarias para a aplicación e cumprimento do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de maio de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,  
MIGUEL ARIAS CAÑETE

**10573** *REAL DECRETO 461/2002, do 24 de maio, polo que se concretan determinados aspectos da normativa comunitaria no sector do azucre.* («BOE» 131, do 1-6-2002.)

O sector do azucre foi obxecto dunha regulación singular no ámbito comunitario. Así, o Regulamento (CE) 1260/2001, do Consello, do 19 de xuño, que establece a organización común de mercados no sector do azucre, fixa a posibilidade de conceder restitucións pola utilización de determinados produtos do sector do azucre que se empreguen na industria química, de trasladar parte do azucre producido nunha campaña á seguinte e fusionar parte da produción de isoglicosa e a comunicación á Comisión dos datos necesarios para a aplicación deste regulamento.

Posteriormente, o Regulamento (CE) 1265/2001, da Comisión, do 27 de xuño, establece as modalidades de aplicación do Regulamento (CE) 1260/2001 no que se refire á concesión da restitución pola utilización de determinados produtos do sector do azucre na industria química.

Con anterioridade, o Regulamento (CEE) 65/1982, da Comisión, do 13 de xaneiro, establece as modalidades de aplicación para o traslado de azucre dunha campaña á campaña de comercialización seguinte, e o Regulamento (CE) 314/2002, da Comisión, do 20 de febreiro, polo que se establecen as modalidades de aplicación do réxime de cotas no sector do azucre, prevé a posibilidade de fusionar a produción de isoglicosa do mes de xuño dunha campaña coa do mes de xullo da campaña seguinte para imputación á conta desta última.

Finalmente, o Regulamento (CE) 779/1996, da Comisión, do 29 de abril, establece as comunicacións no sector do azucre que os estados membros deben efectuar á Comisión.

Sen prexuízo da aplicabilidade directa dos regulamentos comunitarios e para unha maior comprensión por parte dos interesados, considérase conveniente reproducir parcialmente algúns aspectos da regulamentación comunitaria.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de maio de 2002,

DISPÕÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto concretar diversos aspectos da normativa comunitaria aplicable ás seguintes materias:

a) Concesión da restitución á produción, pola utilización de determinados produtos do sector do azucre na industria química.

b) Traslado de azucre e fusión da produción de isoglicosa dunha campaña de comercialización á seguinte.

c) Comunicacóns que deben realiza-las empresas do sector do azucre en cumprimento da regulamentación comunitaria.

## CAPÍTULO II

### Restitución á produción, pola utilización de produtos do sector do azucre con destino á industria química

#### Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, entenderase por:

1. «Productos de base»: denomínanse produtos de base os recollidos nas alíneas a) e b) do punto 1 do artigo 1 do Regulamento (CE) 1265/2001, da Comisión, do 27 de xuño.

2. «Productos intermedios»: son os produtos obtidos na Comunidade a partir dos produtos de base. Os ditos produtos recóllense no anexo número II do Regulamento (CE) 1265/2001.

3. «Productos químicos»: son aqueles produtos que se enumeran no anexo I do Regulamento (CE) 1265/2001.

4. «Transformador autorizado»: as persoas físicas ou xurídicas que o soliciten ante a autoridade competente da comunidade autónoma correspondente.

5. «Autoridade competente»: o órgano competente da comunidade autónoma.

#### Artigo 3. *Beneficiarios.*

A restitución á produción será concedida pola comunidade autónoma no territorio da cal se leve a cabo a transformación en produtos químicos dos produtos de base ou produtos intermedios, ós transformadores que cumpren os seguintes requisitos:

a) Estar autorizado como transformador pola autoridade competente; para este efecto deberase presentar unha solicitude que conteña, alomenos, os datos que figuran no anexo I.

b) Presentar por escrito unha solicitude de certificado de restitución ante a autoridade competente.

c) Garantir que a autoridade competente poida efectuar (en calquera momento) os controis que permitan verificar que a utilización dos produtos de base ou produtos intermedios é conforme co destino especificado na solicitude.

#### Artigo 4. *Certificado de restitución.*

1. Na solicitude de certificado de restitución á produción, cando se refira á transformación dun produto de base en produto químico, deberán constar, como mínimo, os datos que figuran no anexo II.

2. Cando a solicitude do certificado de restitución presentada polo transformador se refira a un produto intermedio, deberá incluír, ademais, na solicitude a natureza e a cantidade de produto de base necesario para obter o produto intermedio, o nome, apelidos, ou a razón social, o enderezo do fabricante do produto intermedio e o lugar de fabricación do produto intermedio.

3. A solicitude deberá ir acompañada:

a) Do orixinal dun documento expedido, con previa solicitude, ó fabricante do produto intermedio pola autoridade competente, no que certifique que o produto foi directa e exclusivamente fabricado a partir dun dos produtos de base, ou

b) Dunha declaración do transformador mediante a cal se comprometa a proporcionar, antes da expiración do prazo de validez do certificado de restitución solicitado, o documento mencionado na alínea anterior.

4. Para evita-lo dobre pagamento da restitución á produción no documento mencionado no punto 1 debebase sinalar, como mínimo:

a) A natureza e a cantidade do produto de base utilizado para obter o produto intermedio de que se trate.

b) A natureza e a cantidade do produto intermedio en cuestión.

c) O nome, os apelidos ou a razón social e o enderezo do fabricante do produto intermedio.

d) O lugar de fabricación do produto intermedio.

#### Artigo 5. *Garantía para a obtención do certificado.*

A solicitude do certificado de restitución irá acompañada dunha garantía en forma de aval que se presentará ante a autoridade competente. A constitución da dita garantía estará supeditada á expedición do certificado de restitución. As condicións, o importe e a devolución da garantía rexeranse polo que se establece no artigo 11 do Regulamento (CE) 1265/2001.

#### Artigo 6. *Concesión do certificado de restitución.*

Examinada a solicitude, a autoridade competente emitirá un certificado de restitución no que deben constar, como mínimo, os datos que figuran no anexo III.

#### Artigo 7. *Validez do certificado.*

O certificado de restitución será válido a partir do día de recepción da solicitude da restitución á produción, ata o final do quinto mes seguinte ó mes en que se recibise a dita solicitude.

#### Artigo 8. *Condicións para o pagamento da restitución.*

1. A concesión do certificado de restitución dá dereito ó pagamento da restitución á produción indicada no certificado:

a) No caso dun produto intermedio, cando a presentación do documento mencionado no artigo 6, tivese lugar no prazo previsto e despois da transformación dese produto intermedio nas condicións previstas no certificado de restitución.

b) Nos demais casos, despois da transformación do produto de base nas condicións previstas no certificado de restitución.

2. Cando a cantidade de produto de base ou produto intermedio transformado sexa superior á cantidade indicada no certificado de restitución, esta cantidade suplementaria é considerada, no límite do cinco por cento, como transformada, para efectos da restitución á produción, con dereito a pagamento dela.

3. Os dereitos que se derivan do certificado non son transmisibles.

#### Artigo 9. *Control da transformación dos produtos de base ou intermedios.*

1. A autoridade competente levará a cabo o control da transformación dos produtos de base ou produtos intermedios.

2. Os titulares do certificado de restitución comunicaranlle á autoridade competente por escrito e con suficiente antelación para facer posible o control, alomenos, os datos seguintes:

- a) O seu nome, apelidos e enderezo.
- b) A natureza e a cantidade de produtos de base que se deban transformar.
- c) O lugar onde se encontran os produtos de base no momento da notificación.
- d) Cantas indicacións suplementarias considere oportuno establecer a comunidade autónoma.

#### Artigo 10. *Anticipos.*

Cando os produtos de base estean sometidos a control, a autoridade competente correspondente poderalle anticipar ó titular do certificado de restitución un importe que represente, como máximo, o oitenta por cento da restitución á produción indicada no certificado de restitución.

#### Artigo 11. *Fianza.*

1. Cando se conceda un anticipo, a autoridade competente esixirá unha fianza ou unha garantía recoñecida como equivalente que asegure o reembolso do anticipo incrementado un cinco por cento.

2. A fianza devolverase cando a transformación se realice nas condicións previstas no certificado de restitución ou cando o anticipo, aumentado un cinco por cento, se reembolsase.

3. Executarase a fianza en proporción ás cantidades dos produtos de base que non fosen transformados nas condicións previstas no certificado. Non obstante, nos casos nos que non se puidese efectuar a transformación nas condicións previstas no certificado de restitución debido a circunstancias que se deban considerar como casos de forza maior, e se solicitase que se tomen en consideración as ditas circunstancias, a autoridade competente correspondente determinará as medidas que considere necesarias en razón das circunstancias invocadas.

#### Artigo 12. *Pagamentos.*

A restitución á produción, ou no caso dun anticipo, a diferenza entre o importe adiantado e o da restitución á produción, pagarase logo de solicitude polo interesado á autoridade competente, no modelo que figura como anexo IV, tendo en conta as condicións seguintes:

a) Como moi pronto, logo da comprobación da transformación dos produtos de base nas condicións previstas no certificado de restitución e, como máis tarde, ó final do mes seguinte ó da comprobación da transformación.

b) Pagarase pola cantidade de produto de base ou de produto intermedio transformado en produto químico. Non terán dereito ó pagamento da restitución á produción, os produtos intermedios obtidos a partir de produtos de base suxeitos a outro réxime de restitución á produción.

c) Cando a cantidade de produto transformado sexa superior á indicada no certificado de restitución, terá dereito ó pagamento da restitución o total transformado, sempre que non exceda do cento cinco por cento.

### CAPÍTULO III

#### Traslado da produción de azucre dunha campaña de comercialización á seguinte

##### Artigo 13. *Traslado de produción.*

1. As empresas azucreiras poderán decidir trasladar á campaña de comercialización seguinte, á conta da produción desa campaña:

- a) Toda a produción de azucre que supere a súa cota A ou unha parte dela.
- b) Toda a produción de azucre A e de azucre B, ou unha parte dela, que se converta en azucre C, en aplicación do artigo 10 do Regulamento (CE) 1260/2001, do Consello, do 19 de xuño.

2. A decisión de traslado será irrevogable.

##### Artigo 14. *Requisitos esixidos para o traslado.*

As empresas azucreiras que decidan trasladar azucre do que fose constatada previamente a produción, deberán cumprilos seguintes requisitos:

- a) Que se trate de azucre B e/ou C.
- b) Que o azucre que se vai trasladar estea producido.
- c) Que a cantidade que se vai trasladar non sexa superior ó vinte por cento da cota A que a dita empresa teña asignada, de conformidade co artigo 2 do Regulamento (CEE) 65/1982, da Comisión, do 13 de xaneiro.
- d) No caso de azucre A ou azucre B que pase a azucre C, en aplicación do artigo 10 do Regulamento (CE) 1260/2001, non terá lugar a limitación prevista na alínea c).
- e) Que a empresa comunique a decisión do traslado antes do 15 de abril para a produción de azucre de remolacha e do 20 de xuño para a produción de azucre de cana. No caso de empresas produtoras de azucre de cana e de remolacha, a comunicación do traslado, entre o 15 de abril e o 20 de xuño, non se poderá realizar por unha cantidade de azucre de cana superior á producida na campaña.
- f) Que a empresa se comprometa a ter almacenado o azucre trasladado, alomenos, durante doce meses a partir da data decidida pola propia empresa para o seu comezo.
- g) Que a posibilidade do traslado de azucre correspondente estea recollida nun acordo interprofesional dos recollidos no anexo III do Regulamento (CE) 1260/2001, do Consello, no caso do azucre de remolacha e cana, ou, no seu defecto, nun acordo da comisión mixta de fábrica no caso de azucre de cana.

##### Artigo 15. *Comunicación de traslado.*

As empresas que decidan trasladar azucre dunha campaña de comercialización á seguinte comunicaranllo á Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. A dita comunicación, que conterà, alomenos, os datos que figuran no anexo V, deberá ir acompañada da seguinte documentación:

a) Xustificación da produción de azucre declarada mediante documento ou documentos dilixenciados polos servizos do Departamento de Aduanas e Impostos Especiais encargados do control e inspección da produción de azucre ou certificado emitido polos ditos servizos. A Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación realizará as comproba-

cións necesarias de forma que se garanta o cumprimento da normativa comunitaria en materia de traslado.

b) No caso de azucre de remolacha, fotocopia do acordo ou acordos interprofesionais do tipo dos recollidos no anexo III do Regulamento (CE) 1260/2001, do Consello, onde se recolla a posibilidade e condicións do traslado comunicado. En caso de que o acordo ou acordos non fosen publicados no «Boletín Oficial del Estado» deberán ir acompañados dun informe da Dirección Xeral de Alimentación no que se acredite que son compatibles coa normativa comunitaria.

c) No caso do azucre de cana, cando non haxa acordo interprofesional, acordo da comisión mixta de fábrica onde se recolla a posibilidade do traslado.

d) Xustificante das cantidades de azucre C, procedentes da campaña correspondente, exportadas ata a data de solicitude do traslado mediante a presentación dos documentos aduaneiros correspondentes.

e) No caso en que a modalidade de pagamento da remolacha correspondente ó azucre trasladado se estableza por acordo interprofesional, tal como prevé o punto 3 do artigo 3 do Regulamento (CEE) 65/1982, o dito acordo deberá ser aceptado pola Dirección Xeral de Alimentación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e presentarse, xunto coa documentación anterior, un certificado da dita aceptación.

#### Artigo 16. *Aceptación do traslado.*

A Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación comprobará a procedencia do traslado comunicado e notificaralles ás empresas interesadas a conformidade coa cantidade e a data de comezo do traslado ou, se é o caso, a que corresponda de acordo coa comprobación realizada. Igualmente, comunicarlle ó Departamento de Aduanas e Impostos Especiais a cantidade trasladada e a data de comezo do traslado, para efectos da consideración como azucre dentro da cota A da campaña seguinte e, se é o caso, para os efectos de recada-las exaccións reguladoras que poidan corresponder, por incumprimento do compromiso de inmovilización.

#### Artigo 17. *Comezo da inmovilización do azucre trasladado.*

A comunicación do traslado dará lugar á inmovilización do azucre por un período de doce meses a partir da data que se sinala na dita comunicación. No suposto de que a dita data sexa anterior á de entrada da comunicación en calquera dos rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, considerarase a data do rexistro como data para o inicio do cómputo do citado prazo.

#### Artigo 18. *Axustes.*

Cando a produción definitiva dunha campaña sexa inferior á prevista no momento da decisión do traslado, a cantidade trasladada poderá ser axustada con efecto retroactivo. Para iso, o interesado deberallo comunicar á Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do primeiro de agosto da campaña seguinte á que corresponde o azucre trasladado.

#### Artigo 19. *Desinmovilización anticipada.*

No caso de interrupción do almacenamento de parte ou todo o azucre trasladado, a empresa comunicarlle

á Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e ó Departamento de Aduanas e Impostos Especiais no prazo de sete días seguintes a data en que a dita interrupción se produciu, para os efectos de que a Administración proceda á aplicación da normativa comunitaria. A interrupción do almacenamento por causa de forza maior deberá ser recoñecida polo Departamento de Aduanas e Impostos Especiais.

### CAPÍTULO IV

#### Fusión da produción de isoglicosa

##### Artigo 20. *Fusión da produción de isoglicosa.*

As empresas produtoras de isoglicosa poderán fusionar, logo de petición escrita debidamente xustificada, a produción de isoglicosa ó final da campaña de comercialización, de acordo co artigo 4 do Regulamento (CE) 314/2002, utilizando un dos dous métodos seguintes:

a) Xa sexa fusiona-la produción dos meses de maio e de xuño dunha campaña para imputación á conta da campaña de comercialización de que se trate.

b) Xa sexa fusiona-la produción do mes de xuño dunha campaña coa do mes de xullo da campaña de comercialización seguinte para imputación á conta desta última. Esta cantidade do mes de xuño por fusionar coa do mes de xullo non poderá supera-lo sete por cento da suma das cotas A e B da empresa respectiva, aplicables á campaña de comercialización na que se presente a solicitude de fusionar. A cantidade conxunta considerarase como primeira produción da campaña seguinte, dentro das cotas da empresa de que se trate.

##### Artigo 21. *Aceptación da fusión.*

1. A Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación examinará a petición de fusión de isoglicosa presentada polas empresas produtoras e, se procede, notificaralles a aquelas a súa conformidade, tendo en conta a produción da empresa, a demanda do mercado e as cotas asignadas.

2. Recibida a conformidade, a empresa deberá comunicarlle á Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, as cantidades de isoglicosa, expresadas en materia seca, efectivamente fusionadas de acordo co modelo do anexo VI.

3. A comunicación a que se refire o punto anterior deberase efectuar:

a) Antes do 15 de xullo seguinte, no caso de utilización do método descrito na alínea a) do artigo 20.

b) Antes do 15 de agosto seguinte, no caso de utilización do método descrito na alínea b) do artigo 20.

##### Artigo 22. *Documentación.*

A comunicación indicada no artigo anterior deberá leva-lo visto e prace dos servizos do Departamento de Aduanas e Impostos Especiais, encargados do control e inspección da produción de isoglicosa ou un certificado emitido polos ditos servizos.

### CAPÍTULO V

#### Coordinación técnica e comunicacións

##### Artigo 23. *Actuacións de coordinación técnica.*

O Fondo Español de Garantía Agraria, na súa condición de organismo de coordinación dos organismos

pagadores das comunidades autónomas afectadas para efectos do previsto na alínea b) do punto 1 do artigo 4 do Regulamento (CE) 1258/1999, do Consello, do 17 de maio, sobre financiamento da política agrícola común, e no artigo 2 do Real decreto 2206/1995, do 28 de decembro, polo que se regulan as actuacións interadministrativas relativas ós gastos da Sección de Garantía do Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola, continuará desenvolvendo as actuacións necesarias para asegura-la aplicación e execución harmonizada da normativa comunitaria e nacional do réxime de axudas a que fai referencia este real decreto, en todo o territorio nacional.

#### Artigo 24. *Azucres con destino á industria química.*

As comunidades autónomas comunicaranlles ó FEGA e á Dirección Xeral de Agricultura, nos modelos que figuran como anexos VII, VIII e IX deste real decreto:

1. Antes do 15 de cada mes, respecto ó mes natural anterior, as cantidades de azucre branco, azucre terciado e xaropes, expresadas en azucre branco, e as de isoglicosa, expresadas en materia seca, para as cales:

a) Se expedise efectivamente un certificado de restitución á produción.

b) Se pagase unha restitución á produción.

2. Antes do 15 de cada mes de setembro, respecto á campaña de comercialización anterior, as cantidades de azucre branco, azucre terciado e xaropes, expresadas en azucre branco, e as de isoglicosa expresadas en materia seca, desagregadas por produtos, partidas arancelarias, mencionadas no anexo I do Regulamento (CE) 1265/2001, para as cales:

a) Se expedise un certificado de restitución á produción.

b) Se pagase unha restitución á produción.

c) Se utilizasen na fabricación de produtos intermedios mencionados no anexo II do Regulamento (CE) 1265/2001.

#### Artigo 25. *Datos de azucre e isoglicosa.*

Cada empresa productora de azucre enviará, á Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, os datos que figuran nos anexos X, XI e XII, expresados en azucre branco, e o anexo XIII,

expresados en materia seca, antes do día 25 de cada mes, respecto ó mes anterior.

As comunicacións realizaranse conforme os modelos establecidos nos anexos citados no parágrafo anterior.

#### Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido neste real decreto e, en particular, as seguintes:

1. Orde do 5 de febreiro de 1990 pola que se establece a normativa para o traslado de azucre dunha campaña de comercialización á seguinte (reporte) por parte das empresas azucreiras.

2. Orde do 10 de outubro de 1991 pola que se establecen as normas para a solicitude e concesión da restitución á produción para determinados produtos do sector do azucre, utilizado na industria química.

#### Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

#### Disposición derradeira segunda. *Facultade de aplicación.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para dictar, no ámbito das súas competencias, as medidas para a aplicación e cumprimento deste real decreto.

Facúltase, así mesmo, o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para modifica-las datas establecidas neste real decreto, en función das variacións da normativa comunitaria e unha máis adecuada coordinación, se é o caso.

#### Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de maio de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca  
e Alimentación,  
MIGUEL ARIAS CAÑETE

**ANEXO I****SOLICITUDE DE TÍTULO TRANSFORMADOR AUTORIZADO**

D. \_\_\_\_\_, con DNI nº \_\_\_\_\_ con domicilio en \_\_\_\_\_ (\_\_\_\_\_), r/ \_\_\_\_\_ nº \_\_\_\_\_, como \_\_\_\_\_ da industria \_\_\_\_\_ sita en \_\_\_\_\_ (\_\_\_\_\_), r/ \_\_\_\_\_ nº \_\_\_\_\_, e NIF \_\_\_\_\_

**DECLARA**

1.- Que é consumidor de (1) \_\_\_\_\_ para a elaboración de \_\_\_\_\_ produtos relacionados no anexo I do Regulamento (CE) 1265/2001 da Comisión.

2.- Que os produtos nos que se transformará o (1) \_\_\_\_\_ son:

**PRODUCTO****DESCRIPCIÓN (2)****PARTIDA ARANCELARIA**

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

3.- Que acepta cantas comprobacións e inspeccións considere oportuno realizar a autoridade competente.

4.- Xúntase a documentación citada no dorso.

**SOLICITA:**

Obte-la cualificación de TRANSFORMADOR AUTORIZADO para ter acceso ás restitucións á produción dos produtos do sector do azucre empregados na industria química.

En \_\_\_\_\_, o \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200\_\_\_\_.

Asdo.: \_\_\_\_\_

(1) Produtos de base especificados no art. 1 do Regulamento (CE) 1265/2001 ou produtos intermedios especificados no ANEXO II do Regulamento (CE) 1265/2001.

(2) A descrición do produto realizarase o máis amplamente posible.

**ANEXO II****SOLICITUDE DE CERTIFICADO DE RESTITUCIÓN Á PRODUCCIÓN**

D. \_\_\_\_\_, con DNI nº \_\_\_\_\_ con domicilio en \_\_\_\_\_ (\_\_\_\_\_) , r/ \_\_\_\_\_ nº \_\_\_\_\_, como \_\_\_\_\_ da industria \_\_\_\_\_ sita en \_\_\_\_\_ (\_\_\_\_\_) , r/ \_\_\_\_\_ nº \_\_\_\_\_, e NIF. \_\_\_\_\_ como transformador autorizado.

**DECLARA:**

1.- Que vai transformar \_\_\_\_\_ kg de \_\_\_\_\_ (1) \_\_\_\_\_ con partida arancelaria \_\_\_\_\_ equivalente a \_\_\_\_\_ kg de azucre branco ou \_\_\_\_\_ kg de materia seca de isoglicosa con partida arancelaria \_\_\_\_\_ en \_\_\_\_\_ kg de \_\_\_\_\_ (2) \_\_\_\_\_ con partida arancelaria \_\_\_\_\_.

2.- Que esta transformación se realizará na fábrica sita en \_\_\_\_\_ (\_\_\_\_\_) , r/ \_\_\_\_\_, nº \_\_\_\_\_.

3.- Para cubrir, ademais, cando se transforme un produto intermedio en produto químico.

Fabricante do produto intermedio .....  
 Código arancelario .....  
 Enderezo .....  
 Lugar de fabricación do produto intermedio .....  
 .....  
 Código arancelario do produto de base .....  
 Cantidade de produto base empregado (kg) .....

**SOLICITA:**

Que lle sexa expedido o preceptivo certificado de restitución á produción.

En \_\_\_\_\_, o \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200\_\_\_\_.

Asdo.: \_\_\_\_\_

(1) Produto de base ou produto intermedio mencionados no artigo 1 do Regulamento (CE) 1265/2001.

(2) Produto químico.

**ANEXO III****COMUNIDADE AUTÓNOMA:****CERTIFICADO DE RESTITUCIÓN Á PRODUCCIÓN**

Nº do certificado:

1)

Titular .....
Enderezo .....

2)

Día de recepción da solicitude ..... (do certificado de restitución)
Restitución á produción vixente o día da solicitude .....
Derradeiro día de validez do certificado .....

3) PRODUCTO QUE SE VAI OBTER

Nome .....	Código arancelario .....
Lugar onde se vai efectua-la transformación .....	

4) DATOS DO PRODUCTO QUE SE VAI TRANSFORMAR

Nome .....	Código arancelario .....
Cantidade (kg de azucre branco ou materia seca no caso de isoglicosa) .....	

5) NO CASO DE TRANSFORMACIÓN DE PRODUCTO INTERMEDIO

Fabricante do produto intermedio.....
Enderezo .....
Lugar de fabricación do produto intermedio .....
.....
Código arancelario do produto de base .....
Cantidade de produto base empregado (kg) .....

En \_\_\_\_\_, o \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200\_\_.

Sinatura



**ANEXO IV****SOLICITUDE DE RESTITUCIÓN Á PRODUCCIÓN**

D. \_\_\_\_\_, con DNI nº \_\_\_\_\_ con domicilio en \_\_\_\_\_ (\_\_\_\_\_) , r/ \_\_\_\_\_ nº \_\_\_\_\_, como \_\_\_\_\_ da industria \_\_\_\_\_ sita en \_\_\_\_\_ (\_\_\_\_\_) , r/ \_\_\_\_\_ nº \_\_\_\_\_, e NIF \_\_\_\_\_ como transformador autorizado.

**EXPÓN:**

1.- Que empregou \_\_\_\_\_ kg de (1) \_\_\_\_\_ na fabricación de \_\_\_\_\_ kg de (2) \_\_\_\_\_.

2.- Que os datos de adquisición do produto base ou produto intermedio empregado son os seguintes:

- Data de adquisición e entrega: \_\_\_\_\_
- Nome e enderezo do subministrador \_\_\_\_\_
- Nome e enderezo do fabricante \_\_\_\_\_

3.- Que os datos de fabricación son os seguintes:

Data	PRODUCTO (1)		PRODUCTO (2)	
	Kg	Partida arancelaria	Kg	Partida arancelaria

**SOLICITA**

O pagamento de \_\_\_\_\_ euros, importe da restitución correspondente ó emprego de \_\_\_\_\_ kg de (1) \_\_\_\_\_, na fabricación de \_\_\_\_\_ kg de (2) \_\_\_\_\_, con cargo ó certificado de restitución nº \_\_\_\_\_ expedido en \_\_\_\_\_ o día \_\_\_\_\_, e con validez ata o día \_\_\_\_\_.

O importe desta restitución deberase aboar na c/c \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ sucursal \_\_\_\_\_.

En \_\_\_\_\_, o \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

SR. \_\_\_\_\_

(1) Produto de base ou intermedio

(2) Produto químico.

**ANEXO V****Comunicación da decisión de traslado de azucre**

A empresa .....  
 NIF ..... con domicilio .....  
 localidade ..... provincia .....  
 productora de azucre de:

- Remolacha  
 Cana (rísquese o que non proceda)  
 Remolacha e cana

Que ten asignada unha cota A de ..... Qm de azucre.  
 Que ten asignada unha cota B de ..... Qm de azucre.

1º Comunica que tomou a decisión irrevogable de trasladar da campaña ..... á campaña ..... que se contabilizará desde a data que se sinala no punto seguinte, unha cantidade de azucre de ..... Qm.

2º Certifica que as cantidades que se van trasladar se distribúen entre B e/ou C segundo se indica na táboa seguinte, onde se sinalan as datas de comezo do traslado.

Cantidade (Qm)	Azucre B ou C (1)	Azucre C (2)	Data
.....	.....	.....	.....
.....	.....	.....	.....
.....	.....	.....	.....

(1) Sinalar para cada cantidade se se trata de azucre B ou C.

(2) Sinalar, no caso de que trate de azucre C resultante da redución das cotas da campaña correspondente.

3º Para os efectos da regulación do traslado de azucre consonte o parágrafo 1, punto 1, artigo 14 do Regulamento (CE) 1260/2001, declara a seguinte información:

- a) Cota A asignada á empresa ..... Qm  
 b) Traslados de azucre procedentes da campaña anterior ..... Qm  
 c) Produción de azucre nesta campaña ata a data do traslado actual ..... Qm  
 d) Cantidade de azucre C da campaña exportada antes da data desta decisión de traslado (data do punto 2) ..... Qm

- e) Cantidade de azucre xa trasladada durante esta campaña ..... Qm
- f) Produción de azucre B+C non trasladada nin exportada como C antes desta data (b+c-d-e-a) ..... Qm
- g) Cantidade que se vai trasladar nesta data ..... Qm
- h) Cantidade total trasladada despois deste traslado (e+g = h) ..... Qm

4º Para os efectos da regulación do traslado de azucre consonte o parágrafo 2, punto 1, artigo 14 do Regulamento (CE) 1260/2001, declara a seguinte información:

- a) Cota (A+B) antes da redución de cotas (A+B) ..... Qm
- b) Cota (A+B) despois da redución de cotas (A+B) ..... Qm
- c) Diferencia: azucre C desclasificada a)-b) ..... Qm
- d) Cantidade de azucre desclasificada exportada antes da decisión do traslado ..... Qm
- e) Cantidade de azucre desclasificada xa trasladada durante esta campaña ..... Qm
- f) Cantidade que se vai trasladar nesta data ..... Qm
- g) Cantidade total trasladada despois deste traslado (e+f) ..... Qm

5º Declara que se compromete a manter almacenadas as cantidades trasladadas durante doce meses a partir da data de comezo do traslado, coñecendo e aceptando as obrigas en que incorre no caso de que o almacenamento sexa interrompido sen cumpri-lo prazo sinalado.

6º No caso de interrupción do almacenamento de parte ou todo o azucre trasladado, comprométese a comunicar á Dirección Xeral do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e ó Departamento de Aduanas e Impostos Especiais no prazo dos sete días seguintes, a data na que a devandita interrupción tivo lugar, para os efectos de que a Administración proceda á aplicación da normativa que corresponda.

En ....., o ..... de ..... de 200.....

O representante da empresa

Asinado:

**ANEXO VI****Comunicación da fusión de isoglicosa**

A empresa ..... NIF ..... con domicilio en ..... localidade ..... provincia ..... código postal ....., productora de isoglicosa:

Que ten asignada unha cota A de ..... Qm de isoglicosa ( en materia seca)  
 Que ten asignada unha cota B de ..... Qm de isoglicosa (en materia seca)  
 na campaña de comercialización.....

COMUNICA QUE: en virtude da decisión adoptada de fusiona-la produción de isoglicosa consonte o punto 3, do artigo 4 do Regulamento (CE) 314/2002, as cantidades fusionadas distribúense segundo se indica:

- **Método recollido na letra a) do artigo 20:**

Mes	Producción de isoglicosa (expresado en materia seca)
Maio	
Xuño	

- **Método recollido na letra b) do artigo 20:**

Mes	Producción total de isoglicosa (expresada en materia seca)	Producción de isoglicosa do mes de xuño fusionada ó mes de xullo (expresada en materia seca)
Xuño		

Só o sete por cento da produción de isoglicosa respecto á cota (A+B) da empresa desta campaña, se poderá fusionar do mes de xuño ó mes de xullo da campaña seguinte.

En ....., o ..... de ..... de 200.....  
 O representante da empresa

Asinado:

## ANEXO VII

**DATOS MENSUAIS DA INDUSTRIA QUÍMICA**  
**Regulamento (CE) 779/96**

**Comunidade Autónoma:** \_\_\_\_\_

**Campaña:** \_\_\_\_\_

**Mes:** \_\_\_\_\_

Productos	Azucres e xaropes (t valor branco)		Isoglicosa (t materia seca)	
	Certificados de restitución concedidos	Certificados de restitución pagados	Certificados de restitución concedidos	Certificados de restitución pagados
Xullo				
Agosto				
Setembro				
Outubro				
Novembro				
Decembro				
Xaneiro				
Febreiro				
Marzo				
Abril				
Maio				
Xuño				
<b>TOTAL:</b>				

**ANEXO VIII**

Comunidade Autónoma: .....  
 Campaña:

**INDUSTRIA QUÍMICA**

Período: xullo...../ xuño.....

Productos	Azucres e xaropes (t. valor branco)		Isoglicosa (t. materia seca)	
	Certificados de restitución	Certificados de restitución pagados	Certificados de restitución	Certificados de restitución pagados
13 02 31 00				
13 02 32				
13 02 32 10				
13 02 32 90				
13 02 39 00				
17 02 90 10				
Ex 25 20				
25 20 20				
Ex 28 39				
28 39 90 00				
Ex Chapitre 29				
Chapitre 30				
32 03 99 90				
Ex 32 04				
33 07				
33 07 49 00				
33 07 90 00				
Ex 34 01				
34 01 19 00				
34 02				
34 03				
34 03 19				
34 03 19 10				
34 05				
34 07 00 00				
Ex Chapitre 35				
Ex Chapitre 38				
Ex Chapitre 39				
39 01 a				
39 14				
Ex 68 09				

**ANEXO IX**

Comunidade Autónoma: .....

Campaña:

**INDUSTRIA QUÍMICA**

Período: xullo...../ xuño.....

Código NC Productos intermedios	Azucres e xaropes (t. valor branco)	Isoglicosa (t. materia seca)
17 02 50 00		
Ex 17 02 50 71		
Ex 17 02 90 99		
29 05		
29 05 43 00		
29 05 44		
29 05 44 11		
29 05 44 19		
29 05 44 99		
38 24 60		
39 29 60 11		
38 24 60 19		
38 24 60 91		
38 24 69 99		

**ANEXO X****Datos de azucre por empresas  
(Regulamento (CE) 779/1996)**

Empresa.....  
 Mes .....  
 Campaña.....

Unidade: toneladas, expresadas en azucre branco

	Azucre branco		Azucre bruto		Xaropes		TOTAL	
	Propias	Alleas	Propias	Alleas	Propias	Alleas	Propias	Alleas
1) Existencias o día 1º de mes:								
1.1. Azucre trasladado .....								
1.2. Azucre C non trasladado .....								
1.3. Resto (azucre A+B) .....								
1.4. Total .....								
2) ENTRADAS DE AZUCRE NO MES								
2.1. Producción propia (*).....								
Azucre de cota A+B:								
- de remolacha .....								
- de cana .....								
Azucre C .....								
2.2. Doutras EE.MM. ....								
2.3. De 3ºs países .....								
- Orixe ACP .....								
- Resto .....								
2.4. Compras a outras empresas azucreiras nacionais .....								
2.5 Total .....								
3) TOTAL (1.4. + 2.5.) .....								
4) SAÍDAS DE AZUCRE NO MES:								
4.1. Azucre (A+B):								
- Ó mercado de Península e Baleares (excluídas outras empresas azucreiras nacionais) .....								
- A Canarias .....								
- A Ceuta e Melilla .....								
- A outros estados membros								
- A países terceiros .....								
4.2. Azucre C:								
- A países terceiros .....								
- A Canarias .....								
- A Ceuta e Melilla .....								
4.3. Total .....								
5) Existencias á fin do mes:								
5.1. Azucre trasladado .....								
5.2. Azucre non trasladado .....								
5.3. Resto (azucre A+B) .....								
5.4. Total .....								

(\*) A produción de azucre de remolacha do sur, obtida os meses de maio e xuño correspondente á campaña seguinte anotarase nos meses que se producise.



**ANEXO XI****Expedicións de azucre con destino a outro Estado membro**

Empresa .....

Mes .....

( En toneladas de azucre branco)

<b>Estado membro</b>	<b>Cantidade</b>
<b>TOTAL</b>	

**ANEXO XII****Importacións de azucre**

Empresa .....

Mes .....

( Unidade: toneladas de azucre branco)

<b>Azucre procedente da UE</b>	<b>Azucre branco</b>	<b>Azucre bruto</b>	<b>Total</b>
<b>TOTAL</b>			

<b>Azucre procedente de países terceiros</b>	<b>Azucre branco</b>	<b>Azucre bruto</b>	<b>Total</b>
Orixe: ACP ou India			
Outros			
<b>TOTAL</b>			

**ANEXO XIII****Datos de isoglicosa por empresas  
(Reglamento (CE) 779/1996)**

Empresa.....  
 Mes .....  
 Campaña.....

Unidade: toneladas, expresadas en materia seca

	<b>ISOGLICOSA</b>
1) Existencias o día 1º de mes	
2) Producción propia da campaña: <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Isoglicosa A+B</li> <li>▪ Isoglicosa C</li> <li>▪ Isoglicosa en RPA (Régime de Perfeccionamento Activo)</li> </ul>	
3) ENTRADAS: <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Doutras EE.MM.</li> <li>▪ De 3<sup>os</sup> países.</li> <li>▪ Compras a outras empresas produtoras nacionais de isoglicosa.</li> </ul>	
4) SAÍDAS <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Isoglicosa A+B:               <ol style="list-style-type: none"> <li>2. Ó mercado nacional (excluídas a outras empresas produtoras de isoglicosa).</li> <li>3. A outras empresas produtoras nacionais de isoglicosa.</li> <li>4. A outros EE.MM.</li> <li>5. A 3<sup>os</sup> países.</li> </ol> </li> <li>▪ Isoglicosa C:               <ol style="list-style-type: none"> <li>6. A 3<sup>os</sup> países.</li> <li>7. A Canarias.</li> <li>8. Ó mercado da UE</li> </ol> </li> </ul>	
5) Existencias á fin do mes: <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Isoglicosa A+B</li> <li>▪ Isoglicosa C</li> <li>▪ Isoglicosa fusionada á campaña seguinte</li> </ul>	